

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

CARPETA 07.AAE

DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

AAE_01DAE

1. Motivación do procedemento simplificado	3
2. Obxectivos da planificación.....	3
3. Alcance e contido do plan e das alternativas consideradas.....	3
4. Caracterización do medio antes do desenvolvemento do plan	5
5. Desenvolvemento previsible do plan.....	15
6. Efectos ambientais previsibles do desenvolvemento do plan	15
7. Efectos previsibles sobre plans sectoriais e territoriais concorrentes	15
8. Medidas para previr, reducir ou corrixir os posibles efectos negativos do plan.....	15
9. Descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan	15



1. MOTIVACIÓN DO PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO

O plan que se tramita é un plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID), dos previstos no artigo 177.1.c) do Regulamento da Lei do solo de Galicia, que desenvolve as previsións do Plan xeral de ordenación municipal vixente en Santiago.

O plan define as condicións concretas de implantación dos usos e das edificacións previstas nunha reserva de equipamento para dotacións do sistema xeral de equipamentos públicos da cidade.

Aos efectos do previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o uso, a nivel municipal nunha zona de reducida dimensión.

En consecuencia, e de acordo coas determinacións do artigo 46 da Lei do solo de Galicia e 81 do seu regulamento, nos que se establecen as condicións da tramitación ambiental estratéxica dos instrumentos de planeamento urbanístico en concordancia co artigo 6 da Lei 21/2013, o plan tramítase polo procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

2. OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN

O PEID ten por obxecto completar a ordenación en detalle da área destinada a servizos urbanos SU-4, prevista polo plan xeral, integrando as actuacións xa realizadas na parcela (Mercado de Gando) coas previstas para o resto do ámbito.

A tal fin o PEID define os espazos e usos concretos a implantar na parcela de reserva aínda dispoñible en coherencia coa parte xa executada e establece as medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e a súa correcta conexión co sistema viario xeral da cidade, con especial atención aos percorridos transversais leste-oeste a través do ámbito, que eviten o actual efecto barreira desta potente infraestrutura urbana.

Defínense tamén, a nivel xeral, as condicións de implantación das novas edificacións en relación co terreo e as súas características volumétricas principais, que servirán de marco para a elaboración dos proxectos de edificación e de urbanización do ámbito, en fases posteriores.

3. ALCANCE E CONTIDO DO PLAN E DAS ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

O plan especial é un plan urbanístico que desenvolve as previsións do plan xeral vixente, e o seu contido é o previsto nos artigos 70 da Lei do solo de Galicia e 177 do seu Regulamento.

Como dixemos o plan ten por obxecto completar a ordenación en detalle da área destinada a servizos urbanos de Amio, de titularidade municipal na súa totalidade, en parte xa ocupada coas

instalacións do Mercado Nacional de Gando, executado en 1996 para substituír ao antigo mercado de gando de Salgueiriños.

Neste marco de actuación, tan concreto e limitado, non caben moitas variables de ordenación que poidan supoñer unha diferenza significativa en relación coa súa incidencia ambiental ou na súa contribución a mitigar os efectos do cambio climático.

As alternativas de ordenación que se consideraron son as seguintes:

ALTERNATIVA 0

(PLANO AAE_01ALT0)

Non actuación

Os terreos manteríanse na situación actual, é dicir o recinto feiral e as súas explanadas seguiríanse destinando aos usos aos que se destinan na actualidade ou aqueles outros compatibles e o resto do ámbito deixaríase como está, sen urbanizar e con acceso por pistas, destinándoa aos usos capaces de desenvolverse ao aire libre, co estado de servizo actual, ou cun mínimo acondicionamento, como poden ser o de acopio de materiais de construción vinculado ao servizo de obras ou de compostaxe de broza, do Servizo de Parques e Xardíns, que son os usos aos que se veñen dedicando estes terreos.

ALTERNATIVA 1

(PLANO AAE_02ALT1)

Manter a ordenación prevista no Plan especial que foi aprobado inicialmente o 26 de abril de 1999

Esta alternativa retomaría a ordenación prevista no documento aprobado inicialmente, ao que remite o PXOM vixente, mantendo os usos pormenorizados, condicións de edificación e o trazado viario nel previsto, sen máis axustes que os necesarios para adaptar o documento urbanístico ao marco normativo actual.

ALTERNATIVA 2

(PLANO AAE_03ALT2)

Modificar a ordenación prevista no Plan especial aprobado inicialmente o 26 de abril de 1999 atendendo ás actuacións xa executadas no propio ámbito e na súa contorna

Esta alternativa consistiría en reconsiderar a ordenación prevista hai máis de 20 anos, recollida no documento inicialmente aprobado, mantendo os criterios xerais da ordenación e os usos previstos -permeabilidade transversal no que atinxe ao trazado viario e uso de servizos urbanos e compatibles- pero tendo en conta as necesidades actuais e futuras e adaptando o trazado viario inicialmente previsto, para facilitar a súa conexión coa rede viaria xa executada no polígono de Costa Vella e acomodalo mellor á topografía.

4. CARACTERIZACIÓN DO MEDIO ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

4.1. Delimitación e caracterización xeral do ámbito

O ámbito delimitado do plan especial ten unha superficie total de 289.556 m². Está formado por catro pezas, todas elas de titularidade municipal, de natureza diferente, que se corresponden con distintas referencias catastrais. De norte ao sur son as seguintes:

- Parcela con referencia catastral 15079A50500223.

Está situada entre a avenida do Cruceiro da Coruña e o camiño que prolonga a rúa da Pena Corveira, ao sur. Ten unha superficie de 21.422 m².

- Parcela con referencia catastral 15079A50701197

Está situada ao sur da anterior, camiño público polo medio. Linda ao norte co citado camiño e ao sur cos terreos que configuran o recinto feiral. Ten unha superficie de 78.502 m².

- Parcela con referencia catastral 15079A50709000

Esta parcela correspóndese co ámbito do recinto feiral propiamente dito, composto por dúas extensas explanadas cunha superficie conxunta de 155.602 m².

- O resto de terreos, ata acadar os 289.556 que configuran o ámbito delimitado, forman parte do denominado parque lineal da Campiña que se desenvolve na beira norte da avenida de Asturias.




4.2. Medio físico e natural

XEOLOXÍA

A zona en estudo enmárcase na zona xeolóxica de Galicia - Tras ós Montes, como a maior parte do territorio municipal e inclúese no dominio dos complexos alóctonos, formados por rochas máficas e ultramáficas, en concreto no complexo de Ordes.

O ámbito do PEID abarca tres unidades xeolóxicas diferenciadas, tal e como se reflicte na seguinte imaxe.



As características hidroxeolóxicas e litolóxicas máis salientables, en relación con este estudo tal e como se recollen na información xeográfica da Xunta de Galicia resúmense a continuación:

Zona oriental

Unidade xeolóxica: Unidade de Betanzos. Está formada principalmente por rochas metamórficas, (xistos e gneises). O tipo de permeabilidade é de porosidade intergranular e fisuración, cun grao de permeabilidade de moi baixa a impermeable. Presenta planos anisotrópicos. A estrutura é xistosa e de bandeado composicional. A alterabilidade é alta ou moi alta. A capacidade portante do solo é media.

Zona occidental

Unidade xeolóxica: Unidade de Santiago-Lalín. Está formada principalmente por rochas metamórficas, (xistos e gneises). O tipo de permeabilidade é de porosidade intergranular e fisuración, cun grao de permeabilidade moi baixa. Presenta planos anisotrópicos. A estrutura é xistosa e de bandeado composicional. Alterabilidade media. Capacidade portante media.

4.3. Características topográficas

A xeomorfoloxía descrita no apartado anterior produce relevos de outeiros suaves. Na súa configuración orixinal os terreos presentaban unha pendente continua en dirección noroeste sudeste con valores medios del 7,5 % ata acadar o 10% nas áreas máis próximas a estrada da Coruña.

Este relevo natural dos terreos resultou fortemente alterado como consecuencia da implantación do mercado de gando e as explanadas anexas, que conformaron dúas grandes plataformas totalmente horizontais nas cotas **319** m. a superior e **312** m. a inferior.

As ditas explanacións producen cortes abruptos do terreo nas zonas en contacto co terreo natural, que se resolven dun xeito ordenado na zona sur, co noiro de transición entre a plataforma e o paseo lineal da Campiña, e dun xeito abrupto e irregular na zona situada máis ao norte da plataforma superior.

A zona máis elevada do terreo está no vértice nordeste do ámbito onde conflúen a avenida do Cruceiro da Coruña coa rúa de Amio, en torno á cota **345** m. e o punto máis baixo nesta mesma rúa, ao sudeste do ámbito en torno á cota **300** m.

No plano de información (PINF_05) recóllese a información topográfica máis salientable do ámbito.




4.4. Natureza e biodiversidade

O ámbito do PEID SU-4 non está incluído en ningún ámbito delimitado para a protección da natureza ou a biodiversidade.

A zona en estudo está inserida na zona empresarial e industrial de Santiago, e conta con características urbanas polo que non se considera necesario un estudo específico da flora ou da fauna presente no ámbito, fortemente antropizado.

4.5. Reportaxe fotográfica

Zona Parque da Campiña (plataforma 0)




Zona do mercado de gando e explanada anexa (plataforma 1)





Zona de comunicación entre as plataformas do recinto feiral



Plataforma superior do mercado de gando (plataforma 2)



Zona de contacto do recinto feiral co resto de terreo



Zona acondicionada en parte para acopio de materiais (Plataforma 3)



Zona con fronte á avenida da Coruña (Plataforma 4)





5. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN

O plan establece a ordenación detallada da área de servizos urbanos municipais de Amio, integrando as actuacións previas xa executadas.

Unha vez aprobado definitivamente o plan especial, poderá desenvolverse na súa totalidade ou por fases, de acordo coas súas determinacións.

6. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Non se esperan efectos ambientais significativos como consecuencia do desenvolvemento deste plan especial.

7. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCORRENTES

O plan especial ordena un ámbito cualificado como parte do sistema xeral de equipamento, previsto polo Plan xeral vixente, coa denominación SU-4. O equipamento está definido graficamente nos planos de ordenación do plan xeral, que remite para a súa ordenación detallada, ao plan especial que se encontraba en trámite no momento de aprobación do PXOM.

Dado o tempo transcorrido e tendo en conta os substanciais cambios normativos acaecidos desde a súa aprobación inicial cómpre iniciar a tramitación dun novo plan especial, que desenvolva e ordene en detalle as previsións do PXOM para o ámbito.

Non se consideran efectos sobre outros plans sectoriais ou territoriais concorrentes.

8. MEDIDAS PARA PREVER, REDUCIR OU CORRIR OS POSIBLES EFECTOS NEGATIVOS DO PLAN

Non se esperan efectos ambientais significativos, tal e como se indica no apartado 6, polo que non se considera necesario establecer medidas para prever, reducir ou corrixir os posibles efectos negativos do plan, máis alá das propias medidas de carácter urbanístico establecidas polo plan especial para a adecuada inserción da actuación no seu entorno.

9. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO AMBIENTAL DO PLAN

Tampouco se considera necesario establecer medidas para o seguimento ambiental do plan especial, polas razóns expostas.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Asinado electronicamente